



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o 30 de xaneiro de 2020, adoptouse acordo co quorum de maioría absoluta, sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

“Punto 3.- Aprobación provisional se procede da modificación puntual nº 10 do PXOM na zona da rúa do Traballo e rúa Batán en relación coas aliñacións do PXOM e a obra executada na N-VI

“Vistos os informes técnicos e xurídicos emitidos, ao Concello Pleno PROPONSE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o documento denominado “APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 NA ZONA DA RÚA DO TRABALLO E RÚA BATAN, EN RELACIÓN COAS ALIÑACIONES DO PXOM E A OBRA EXECUTADA DA ESTRADA N-VI” (Documento R.E. Nº 536 do 14.01.2020) promovido polo Concello de Oleiros.

Segundo.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a aprobación definitiva do documento denominado “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 NA ZONA DA RÚA DO TRABALLO E RÚA BATAN, EN RELACIÓN COAS ALIÑACIONES DO PXOM E A OBRA EXECUTADA DA ESTRADA N-VI. (Documento R.E. Nº 536 do 14.01.2020) promovido polo Concello de Oleiros.

Terceiro.- Dilixenciar o documento e remitir copia do mesmo xunto co expediente administrativo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a súa aprobación definitiva.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 31 de xaneiro de 2020.-

Vº e Prace

O alcalde,

Ángel García Seoane